



## Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Ilícitos Penais, Administrativos e Laborais			Código	612943306
Titulación	Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial(plan 2016)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web	www.dereito.udc.es/gl/maxe				
Descrición xeral	Trátase dunha materia sen docencia, dun título en extinción. Polo tanto, a explicación das fontes de información e das modalidades de avaliación será personalizada, en función da existencia de persoas que teñan aínda pendente esta materia.				

## Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Coñecer o conxunto normativo aplicable, legislativo e xurisprudencial, e a doutrina aplicables ao mundo da empresa
A2	Identificar, saber interpretar e facer fronte ás diferentes problemáticas xurídico-económicas que afecten á empresa
A5	Elaborar, comunicar e defender con soltura textos xurídicos, como dictames e informes, memorias ou traballos de investigación
B1	Capacidade para planificar e levar a cabo tarefas xurídicas complexas de modo autónomo
B2	Capacidade para coordinar e desenvolver tarefas de asesoramento técnico (xurídico/xurídico empresarial) no seo dun grupo de traballo
B3	Capacidade para estruturar ordenadamente os feitos e as disposicións xurídicas relevantes dun caso
B4	Capacidade para identificar cuestións xurídicas relevantes partindo dun conxunto complexo de feitos non estruturado xurídicamente
B5	Capacidade para identificar e aplicar todas as fontes xurídicas relevantes nunha cuestión concreta
B6	Habilidade/Capacidade para a toma de decisións
B7	Capacidade para encontrar solucións novas ou imaxinativas no plantexamento dun problema
B8	Capacidade para analizar os problemas xurídicos dende unha pluralidade de enfoques e elixir o máis idóneo no caso concreto.
B9	Capacidade para expoñer o coñecemento cun dominio axeitado das habilidades orais e escritas propias do asesoramento xurídico(-empresarial)
B12	Capacidade para ler e interpretar traballos complexos relacionados co ámbito xurídico
B13	Capacidade para sintetizar os argumentos xurídicos de forma precisa
B14	Capacidade para traballar en equipos interdisciplinares como experto en dereito e contribuir efectivamente ás súas tarefas
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
---------------------------	------------------------



<p>A materia de Ilícitos empresariais pretende constituir unha visión das distintas categorías de ilícitos que se poden verificar no marco da empresa. Analízanse fundamentalmente as infraccións penais, e tamén os ilícitos de carácter administrativo e laboral. Como elemento de peche, examínase a responsabilidade civil do empresario derivada da comisión de feitos ilícitos. Deste xeito, preténdese ofrecer unha visión da responsabilidade da empresa e o empresario, aínda que focalizada na comisión de actos ilícitos nos ámbitos da ordenación do territorio e o urbanismo, o medio ambiente e o sector inmobiliario, examinando, por un lado, as cuestións máis problemáticas en relación coa esixencia desta responsabilidade e, por outro lado, aqueles ilícitos de especial relevancia en cada momento, sexa pola súa frecuente verificación, sexa por verse afectados por reformas lexislativas: sirvan como exemplo as modificacións que nos últimos tempos veu experimentando o Dereito do traballo, o procedemento administrativo sancionador, e determinadas cuestións de Dereito penal da empresa como por exemplo a introdución da responsabilidade penal das persoas xurídicas.</p>	AP1	BP1	CP4
	AP2	BP2	CP6
	AP5	BP3	CP7
		BP4	
		BP5	
		BP6	
		BP7	
		BP8	
		BP9	
		BP12	
		BP13	
		BP14	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Dereito administrativo sancionador. Especial referencia aos ámbitos urbanístico e ambiental.	1.1. Parte xeral: examen da potestade sancionadora das Administracións públicas. 1.2. Parte especial: legalidade urbanística e Dereito sancionador na lexislación do solo de Galicia (LSG). 1.3. Singularidades da potestade sancionadora ambiental.
2. Cuestións xurídico-laborais relevantes en materia de medio ambiente, urbanismo e vivenda.	2.1. As contratas e subcontratas de obras e servizos no sector vivenda. 2.2. A Lei de subcontratación na construción. 2.3. Especial referencia aos protocolos de prevención de riscos laborais en materia de construción e medio ambiente.
3. Dereito penal da empresa. Especial referencia á tutela penal do medio ambiente e a ordenación do territorio e o urbanismo.	3.1. A responsabilidade penal das persoas xurídicas: a súa aplicación no ámbito dos delitos urbanísticos e contra o medio ambiente. 3.2. A protección do medio ambiente a través do Dereito penal: panorámica xeral. 3.3. Principios básicos dos delitos contra a ordenación do territorio e o urbanismo.
4. A responsabilidade civil do empresario. Especial referencia aos ámbitos medioambiental e urbanístico.	4.1. Natureza e elementos da responsabilidade civil do empresario derivada de feitos ilícitos. Especial referencia aos ámbitos medioambiental e urbanístico. 4.2. Análise específica da responsabilidade do produtor agrícola e da responsabilidade en materia de transxénicos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 B4	16	0	16
Estudo de casos	B5 B7 B8 B12	4	0	4
Proba práctica	A5 B1 B2 B3 B6 B9 B13 B14 C4 C6 C7	6	120	126
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As sesións presenciais constarán, en combinación co estudo de casos, dunha exposición por parte do profesorado en formato tipo sesión maxistral.
Estudo de casos	As sesións presenciais no serán unicamente unha clase maxistral, senón que se exporán e analizarán casos para o seu debate co alumnado.
Proba práctica	A actividade final de módulo consistirá nunha proba práctica que terá que ser exposta oralmente na última sesión do Módulo, entregando simultaneamente un esquema ou resumo da exposición. O enunciado de tal actividade xunto coas preguntas guía e instrucións serán facilitados o primeiro día do Módulo.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba práctica	Para as posibles dúbidas na elaboración da Actividade final de módulo, establecerase a posibilidade de consultas e atención personalizada coa coordinadora do Módulo.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A2 B4	Para a avaliación final computase nun 20% a asistencia ás sesións do Módulo. No caso de non haber docencia, a proba final computará o 100% da avaliación.	20
Proba práctica	A5 B1 B2 B3 B6 B9 B13 B14 C4 C6 C7	A proba práctica consistirá na exposición oral da resolución dun/s caso/s que se facilitarán o primeiro día do Módulo. Teranse que resolver e argumentar xuridicamente as cuestións específicas que se formulan en relación con o/s caso/s práctico/s, con base en previa búsqueda xurisprudencial e na selección de bibliografía recomendada. O día da exposición entregarase un breve esquema ou resumo do traballo realizado.	80

## Observacións avaliación

Os criterios sinalados son válidos para a primeira e a segunda oportunidade de avaliación. Se ben este é o sistema de avaliación xeral, ao tratarse dunha materia sen docencia dun título en extinción, non se computará a asistencia e a exposición oral será substituída por un traballo escrito realizado segundo as instrucións facilitadas. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de Suspenso na materia na oportunidade correspondente.
--

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	AAVV, Memento experto sobre responsabilidade penal e procesal de las personas jurídicas, Francis Lefebvre, Madrid 2015. MARTÍNEZ-BUJÁN PÉREZ, C., Derecho penal económico y de la empresa. Parte especial, Tirant lo Blanch, Valencia 2019. NIETO, A., Derecho administrativo sancionador, Tecnos, Madrid 2012.
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías